

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ASUNTOS ECONÓMICOS E TRANSFORMACIÓN DIXITAL

6309 *Real decreto 287/2021, do 20 de abril, sobre formación e remisión da información estatístico-contable dos distribuidores de seguros e reaseguros.*

ÍNDICE

- Capítulo I. Disposicións xerais.
 - Artigo 1. Obxecto.
 - Artigo 2. Ámbito de aplicación.
- Capítulo II. Coñecementos e aptitudes xerais.
 - Artigo 3. Obrigacións xerais en materia de formación.
 - Artigo 4. Ámbito obxectivo dos coñecementos e aptitudes exigibles aos distribuidores de seguros e de reaseguros e ao seu persoal relevante cando proporcionen información.
 - Artigo 5. Ámbito obxectivo dos coñecementos e aptitudes exigibles aos distribuidores de seguros e de reaseguros e ao seu persoal relevante cando proporcionen asesoramento.
- Capítulo III. Requisitos de formación e desenvolvemento profesional permanente dos distribuidores de seguros e reaseguros e o seu persoal relevante.
 - Sección 1.^a Formación inicial e continua.
 - Artigo 6. Cualificación dos distribuidores de seguros e de reaseguros e do seu persoal relevante.
 - Artigo 7. Coñecementos necesarios.
 - Artigo 8. Requisitos previos para participar nos cursos de formación.
 - Artigo 9. Procedemento de recoñecemento dos coñecementos previos.
 - Artigo 10. Solicitude de autorización e comunicación ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
 - Artigo 11. Obrigacións de formación continua.
 - Sección 2.^a Requisitos para a organización, avaliación e certificación dos coñecementos e aptitudes.
 - Artigo 12. Requisitos para a organización dos cursos.
 - Artigo 13. Forma de acreditar os coñecementos e aptitudes.
- Capítulo IV. Libros rexistro dos corretores de seguros e reaseguros.
 - Artigo 14. Obrigacións xerais.
 - Artigo 15. Libros rexistro contables dos corretores de seguros.
 - Artigo 16. Libros rexistro contables dos corretores de reaseguros.
- Capítulo V. Obrigacións contables e deber de información.
 - Sección 1.^a Disposicións xerais.
 - Artigo 17. Obrigacións comúns aos corretores de seguros, aos corretores de reaseguros, aos axentes de seguros vinculados e aos operadores de banca-seguros.
 - Artigo 18. Remisión da información a través de medios electrónicos.

Sección 2.^a Disposicións particulares.

Artigo 19. Obrigacións contables e deber de información dos corretores de seguros e dos corretores de reaseguros.

Artigo 20. Modelos de información dos corretores de seguros e dos corretores de reaseguros.

Artigo 21. Obrigacións contables e deber de información dos axentes de seguros vinculados e dos operadores de banca-seguros.

Artigo 22. Modelos de información dos axentes de seguros vinculados e dos operadores de banca-seguros.

Artigo 23. Falta de remisión de información.

Disposición adicional única. Réxime de adaptación ás obrigacións de formación e requisitos de información estatístico-contable na distribución de seguros e reaseguros privados.

Disposición transitoria primeira. Cursos de formación inicial e formación continua impartidos conforme a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, e a súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria segunda. Aplicación dos modelos establecidos no Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.

Disposición derradeira segunda. Habilitación para o desenvolvemento normativo.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

I

Os coñecementos e aptitudes dos distribuidores de seguros e reaseguros, así como de calquera outra persoa que interveña directamente na distribución de seguros e reaseguros privados, constitúen un elemento esencial para garantir a calidade do servizo que prestan. Por este motivo, a Directiva (UE) 2016/97 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xaneiro de 2016, sobre a distribución de seguros, establece a necesidade de que os que formen parte da estrutura de goberno dos distribuidores de seguros ou reaseguros, así como aqueles empregados que participen directamente na distribución, teñan un nivel idóneo de coñecementos e competencia respecto a esta actividade.

O Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais, traspón no título I do seu libro segundo a citada directiva e establece o requisito de que os distribuidores de seguros e reaseguros, a persoa responsable da actividade de distribución ou, polo menos, a metade das persoas que forman parte do órgano de dirección responsable da actividade de distribución, os colaboradores externos, os empregados dos distribuidores e dos colaboradores externos, así como o persoal das redes de distribución dos operadores de banca-seguros que participen directamente na distribución, dispoñan dos coñecementos necesarios para o correcto desempeño da súa actividade. Así mesmo, a súa disposición derradeira décimo cuarta faculta o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido no dito real decreto lei.

Actualmente, a normativa reguladora da formación inicial e continua dos mediadores de seguros, empregados e colaboradores está contida no Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional. Este real decreto derroga o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, e establece as exixencias formativas en atención ao labor de distribución que se vaia

realizar, xa se instrumente este a través dunha actividade de información ou dunha actividade de asesoramento. Ambas as actividades de comercialización, informada ou asesorada, poden ser realizadas polas distintas clases de distribuidores previstos no real decreto lei.

De acordo co principio de proporcionalidade, os coñecementos deberán adecuarse, se for o caso, ás características da actividade de distribución realizada por cada un dos distribuidores de seguros ou de reaseguros, atendendo á súa tipoloxía, función e grao de complexidade.

Este real decreto regula os requisitos para participar nos cursos de formación; a súa duración en función de tres categorías ou niveis diferentes atendendo á responsabilidade e actividade que se desempeña en relación co labor de distribución; o recoñecemento de coñecementos previos que permite modular os contidos que ten que cursar unha persoa tendo en conta a formación que previamente adquirise; a formación continua, como instrumento esencial que permite manter actualizados os coñecementos e, grazas a iso, favorecer un servizo de calidade ao cliente; e, por último, un réxime de adaptación.

Finalmente, mención particular merecen os residentes ou domiciliados noutros Estados membros da Unión Europea, pois en aplicación do principio de rexistro único que consagra a Directiva (UE) 2016/97 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xaneiro de 2016, e coa finalidade de permitir a aplicación da libre circulación dos distribuidores de seguros e reaseguros, equipárase o exercicio efectivo das actividades de distribución de seguros e reaseguros á superación dos cursos de formación regulados neste real decreto para as persoas residentes ou domiciliadas en España.

II

A consolidación na realidade do sector da mediación de seguros e reaseguros privados dos novos conceptos e figuras que incorporou a Lei 26/2006, do 17 de xullo, puxo de manifesto a utilidade da información sobre a actividade dos corretores de seguros e reaseguros, dos axentes de seguros vinculados e dos operadores de banca-seguros, tanto para facilitar a tarefa de supervisión deste tipo de mediadores como para proporcionar ao sector asegurador e ás administracións públicas información sobre as características deste tipo de intermediación e a súa relación cos consumidores. Efectivamente, as administracións públicas necesitan coñecer que peso ten cada canle no contexto xeral da distribución co fin de adaptar o mellor posible o marco xurídico e supervisor á situación real do sector, protexendo tanto os intereses dos consumidores como os dos provedores de servizos. Pero tamén o propio sector de seguros privados demanda maior información sobre a forma en que os seguros son distribuídos, para optimizar os seus recursos e ter maior capacidade de decisión e manobra ante a evolución do mercado.

Alén do anterior, e cada vez con maior frecuencia, é preciso informar os organismos da Unión Europea sobre as cotas de mercado das distintas canles de distribución de seguros para os efectos de adecuar as normas comunitarias en materia de servizos financeiros. Neste sentido, cabe destacar as exixencias de información derivadas do Regulamento (UE) 2019/2152 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de novembro de 2019, relativo ás estatísticas empresariais europeas, que derroga dez actos xurídicos no ámbito das estatísticas empresariais.

Este real decreto regula o deber de mantemento dos libros rexistro contables por parte dos corretores de seguros e dos corretores de reaseguros en relación coa súa estrutura empresarial e co exercicio da súa actividade de mediación en seguros, co fin de facilitar o control administrativo que esta actividade require.

III

Este real decreto contén cinco capítulos con vinte e tres artigos, unha disposición adicional, dúas disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e tres disposicións derradeiras.

O capítulo I regula as disposicións xerais. O capítulo II establece os coñecementos e aptitudes xerais. O capítulo III, pola súa banda, define os requisitos de formación e desenvolvemento profesional permanente. Pola súa vez, o capítulo IV regula os libros rexistro dos corretores de seguros e reaseguros. Por último, o capítulo V establece as obrigacións contables e o deber de información.

A disposición adicional única recolle o réxime de adaptación ás obrigacións deste real decreto.

A disposición transitoria primeira refírese ao réxime transitorio dos cursos de formación inicial e formación continua impartidos conforme a Lei 26/2006, do 17 de xullo, e a súa normativa de desenvolvemento. A disposición transitoria segunda establece o réxime transitorio de aplicación da obrigación de remisión á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións da documentación estatístico-contable dos corretores de seguros, corretores de reaseguros, axentes de seguros vinculados e operadores de banca-seguros.

A disposición derogatoria única derroga cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño.

Con respecto ás disposicións derradeiras, a disposición derradeira primeira regula os títulos competenciais. A disposición derradeira segunda recolle a habilitación para o desenvolvemento normativo. A terceira e última fixa a data de entrada en vigor.

Este real decreto é coherente cos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Atende ao principio de necesidade e eficacia ao desenvolver normativa por imperativo legal. Así mesmo, este real decreto é o instrumento máis adecuado para a consecución dos ditos obxectivos.

O proxecto é conforme co principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para a consecución dos obxectivos previamente mencionados; axústase ao principio de seguridade xurídica, xa que se realiza co ánimo de manter o marco normativo estable, predicible, integrado e claro e, igualmente, cumpre o principio de eficiencia ao evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias.

En canto ao principio de transparencia, deuse cumprimento ao trámite de consulta pública previa, audiencia e información públicas, incluíndo a audiencia ás comunidades autónomas.

Durante o proceso de elaboración do proxecto foron consultados, entre outros, o Ministerio de Consumo, o Ministerio de Educación e Formación Profesional, o Ministerio de Universidades e o Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, e foi sometido á consideración da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións.

Este real decreto está incluído no Plan anual normativo de 2020.

As disposicións contidas neste real decreto teñen, en xeral, a consideración de ordenación básica da banca e os seguros e de bases da planificación xeral da actividade económica, de acordo co artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución española.

Na súa virtude, por proposta da vicepresidenta segunda do Goberno e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2021,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto deste real decreto é establecer os criterios que definen os coñecementos e aptitudes que deben posuír os distribuidores de seguros e de reaseguros e o seu persoal relevante, o modo en que os ditos coñecementos e aptitudes deben ser avaliados e a

forma en que as persoas e entidades obrigadas os poderán acreditar, así como regular os libros rexistro e a información estatístico-contable, en desenvolvemento do disposto no título I do libro segundo do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase a todos os distribuidores de seguros e de reaseguros, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, e ao seu persoal relevante, a que se refire o título I do libro segundo do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, no concernente ás obrigacións de formación.

2. No relativo ao mantemento e conservación dos libros rexistro, este real decreto aplicarase aos corretores de seguros e aos corretores de reaseguros.

3. Este real decreto aplicarase aos corretores de seguros, aos corretores de reaseguros, aos axentes de seguros vinculados e aos operadores de banca-seguros, no referente ás obrigacións contables e deber de información.

4. Para os efectos deste real decreto, entenderase por persoal relevante todo empregado, colaborador externo e calquera outra persoa que participe directamente na distribución de seguros e reaseguros privados por conta dos distribuidores de seguros ou de reaseguros, e proporcione información ou preste asesoramento a clientes ou potenciais clientes.

5. Serán consideradas, así mesmo, como persoal relevante as seguintes persoas:

a) A persoa responsable da actividade de distribución ou, se for o caso, as persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de distribución das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

b) A persoa responsable da actividade de distribución ou, se for o caso, as persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de distribución dos mediadores de seguros e corretores de reaseguros que revistan a forma de persoas xurídicas.

c) A persoa responsable da actividade de colaboración coa distribución de seguros ou, se for o caso, as persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de colaboración coa distribución de seguros do colaborador externo dos mediadores de seguros que revista a forma de persoa xurídica.

CAPÍTULO II

Coñecementos e aptitudes xerais

Artigo 3. *Obrigacións xerais en materia de formación.*

1. O nivel e alcance dos coñecementos e aptitudes dos que proporcionen asesoramento sobre produtos de seguros e de reaseguros deberán ser maiores que os dos que só proporcionen información sobre os ditos produtos.

2. Os distribuidores de seguros e de reaseguros aseguraranse de que o persoal relevante posúe os coñecementos e aptitudes necesarios tendo en conta a natureza dos servizos prestados, así como a complexidade dos produtos de seguros e de reaseguros sobre os que se informa ou asesora.

3. Os distribuidores de seguros e de reaseguros aseguraranse de que o persoal relevante coñece, entende e pon en práctica as políticas e procedementos internos establecidos e destinados a garantir o cumprimento da normativa aplicable no ámbito da distribución de seguros e de reaseguros.

4. Os distribuidores de seguros e de reaseguros deberán poñer á disposición do persoal relevante o tempo e os recursos suficientes para que poida adquirir e manter os coñecementos e aptitudes adecuados.

Artigo 4. Ámbito obxectivo dos coñecementos e aptitudes exixibles aos distribuidores de seguros e de reaseguros e ao seu persoal relevante cando proporcionen información.

Os distribuidores de seguros e de reaseguros e o seu persoal relevante que proporcionen información sobre produtos de seguros e de reaseguros coa finalidade de subscribir o contrato de seguro ou de reaseguro deberán contar coa formación e aptitudes necesarias para:

- a) Coñecer as características, riscos e aspectos esenciais dos produtos ofrecidos, incluídas as súas implicacións fiscais específicas, prestando especial atención aos produtos complexos.
- b) Coñecer o importe total dos custos e gastos en que incorrerá o cliente con ocasión da preparación, subscripción ou cumprimento do contrato de seguros considerado.
- c) Coñecer as características e alcance dos servizos de seguros ou de reaseguros.
- d) Coñecer o funcionamento do mercado financeiro en xeral, e de seguros en particular, e como poden afectar, se for o caso, o valor e fixación de prezos dos produtos de seguros sobre os que proporcionan información aos clientes.
- e) Coñecer a normativa reguladora da actividade de distribución de seguros e de reaseguros.
- f) Avaliar a documentación relativa aos produtos de seguros sobre os que se proporciona información, en particular a documentación precontractual.

Artigo 5. Ámbito obxectivo dos coñecementos e aptitudes exixibles aos distribuidores de seguros e de reaseguros e ao seu persoal relevante cando proporcionen asesoramento.

Os distribuidores de seguros e de reaseguros e o seu persoal relevante que proporcionen asesoramento sobre produtos de seguros e de reaseguros coa finalidade de subscribir o contrato de seguro ou de reaseguro deberán contar coa formación e aptitudes necesarias para:

- a) Coñecer as características, riscos e aspectos esenciais dos produtos de seguros e de reaseguros que o distribuidor ofrece ou recomenda, incluídas as súas implicacións fiscais específicas, prestando especial atención aos produtos complexos.
- b) Coñecer os custos e gastos totais en que incorrerá o cliente con ocasión da preparación, subscripción ou cumprimento do contrato de seguros considerado.
- c) Coñecer se o tipo de produto de seguros ofrecido pode non ser idóneo para o cliente, tras ter avaliado a información facilitada por este en relación con posibles cambios que poidan ter ocorrido desde que se recompilou a información pertinente.
- d) Coñecer o funcionamento do mercado financeiro en xeral, e de seguros en particular, e como poden afectar, se for o caso, o valor e a fixación de prezos dos produtos de seguros sobre os que proporcionan asesoramento aos clientes.
- e) Coñecer o efecto das cifras económicas e acontecementos nacionais, rexionais e internacionais nos mercados de seguros e financeiros e, se for o caso, no valor dos produtos de investimento baseados en seguros ofrecidos ou recomendados aos clientes.
- f) Coñecer a normativa reguladora da actividade de distribución de seguros e de reaseguros.
- g) Avaliar a documentación relativa aos produtos de seguros sobre os que se proporciona asesoramento, en particular a documentación precontractual.
- h) Coñecer as estruturas específicas do mercado para o tipo de produtos de seguro ofrecidos ou recomendados.
- i) Ter coñecementos básicos sobre os principios de valoración aplicables segundo o tipo de produtos de investimento baseados en seguros ofrecidos ou recomendados aos clientes.

CAPÍTULO III

Requisitos de formación e desenvolvemento profesional permanente dos distribuidores de seguros e reaseguros e o seu persoal relevante*Sección 1.ª Formación inicial e continua*

Artigo 6. *Cualificación dos distribuidores de seguros e de reaseguros e do seu persoal relevante.*

Para que se poida considerar que os distribuidores de seguros e de reaseguros e o persoal relevante contan coa necesaria cualificación, os seus coñecementos e aptitudes axustaranse aos requisitos formativos previstos no artigo 7. Para este efecto, na forma indicada nesta sección, teranse en conta os coñecementos adquiridos en distintas actividades de formación, regrada ou non, en que participasen.

Artigo 7. *Coñecementos necesarios.*

1. Para o exercicio da actividade de distribución de seguros e reaseguros, será necesario que os distribuidores de seguros e reaseguros residentes ou domiciliados en España, así como o seu persoal relevante, acrediten como requisito previo os coñecementos necesarios mediante a superación de cursos de formación en materias financeiras e de seguros privados.

O contido e duración dos cursos de formación estableceranse en función das seguintes categorías:

a) Nivel 1: exixirase un curso de formación, cun número mínimo de trescentas horas lectivas:

1.º Á persoa responsable da actividade de distribución ou, se for o caso, polo menos á metade das persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de distribución das entidades aseguradoras e reaseguradoras.

2.º Aos corretores de seguros e de reaseguros que revistan a forma de persoas físicas; á persoa responsable da actividade de distribución ou, se for o caso, polo menos á metade das persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de distribución dos corretores de seguros e reaseguros que revistan a forma de persoas xurídicas.

3.º Á persoa responsable da actividade de distribución ou, se for o caso, polo menos á metade das persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de distribución dos operadores de banca-seguros.

b) Nivel 2: exixirase un curso de formación, cun número de duascenas horas lectivas:

1.º Aos axentes de seguros que sexan persoas físicas que presten asesoramento sobre produtos de seguros; á persoa responsable da actividade de distribución ou, se for o caso, polo menos á metade das persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de distribución dos axentes de seguros que revistan a forma de persoas xurídicas, que presten asesoramento sobre produtos de seguros.

2.º Aos empregados das entidades aseguradoras e reaseguradoras que presten asesoramento sobre produtos de seguros ou de reaseguros.

3.º Aos empregados dos mediadores de seguros e de reaseguros que presten asesoramento sobre produtos de seguros ou de reaseguros.

4.º Ás persoas que integran as redes de distribución dos operadores de banca-seguros, nos casos en que presten asesoramento sobre produtos de seguros.

5.º Aos colaboradores externos que sexan persoas físicas que presten asesoramento sobre produtos de seguros; á persoa responsable da actividade de colaboración coa distribución de seguros ou, se for o caso, polo menos á metade das persoas que formen

parte do órgano de dirección responsable da actividade de colaboración coa distribución de seguros dos colaboradores externos que revistan a forma de persoas xurídicas, así como aos seus empregados, no caso de que presten asesoramento sobre produtos de seguros.

Non obstante, con base no principio de proporcionalidade, tendo en conta a natureza e complexidade do servizo que se vai prestar e dos produtos de seguros sobre os que se asesora, o distribuidor de seguros ou de reaseguros poderá establecer motivadamente a asignación dun número de horas de formación inferior. Salvo nos supostos de recoñecemento dos coñecementos previos previstos no artigo 9, a asignación dun número de horas de formación inferior non poderá afectar as materias contidas no módulo xeral do programa do curso que se estableza mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

c) Nivel 3: exixirase un curso de formación, cun número de cento cincuenta horas lectivas:

1.º Aos axentes de seguros que sexan persoas físicas nos casos en que proporcionen información sobre produtos de seguros e non realicen labor de asesoramento; á persoa responsable da actividade de distribución ou, se for o caso, polo menos á metade das persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de distribución dos axentes de seguros que revistan a forma de persoas xurídicas, que proporcionen información sobre produtos de seguros e non realicen labor de asesoramento.

2.º Aos empregados das entidades aseguradoras e reaseguradoras que proporcionen información sobre produtos de seguros ou de reaseguros e non realicen labor de asesoramento.

3.º Aos empregados dos mediadores de seguros e de reaseguros que proporcionen información sobre produtos de seguros ou de reaseguros e non realicen labor de asesoramento.

4.º Ás persoas que integran as redes de distribución dos operadores de banca-seguros, nos casos en que proporcionen información sobre produtos de seguros e non realicen labor de asesoramento.

5.º Aos colaboradores externos que sexan persoas físicas nos casos en que proporcionen información sobre produtos de seguros e non realicen labor de asesoramento; á persoa responsable da actividade de colaboración coa distribución de seguros ou, se for o caso, polo menos á metade das persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de colaboración coa distribución de seguros dos colaboradores externos que revistan a forma de persoas xurídicas, así como aos seus empregados, nos casos en que proporcionen información sobre produtos de seguros e non realicen labor de asesoramento.

Non obstante, con base no principio de proporcionalidade, tendo en conta a natureza e complexidade do servizo que se vai prestar e dos produtos de seguros sobre os que se informa, o distribuidor de seguros ou de reaseguros poderá establecer motivadamente a asignación dun número de horas de formación inferior. Salvo nos supostos de recoñecemento dos coñecementos previos previstos no artigo 9, a asignación dun número de horas de formación inferior non poderá afectar as materias contidas no módulo xeral do programa do curso que se estableza mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2. O programa dos cursos de formación dos niveis 1, 2, 3 anteriores adaptarase ao contido que se estableza mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, en función das distintas categorías enumeradas no punto anterior e de conformidade co previsto no anexo XII do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro.

Artigo 8. *Requisitos previos para participar nos cursos de formación.*

1. As persoas físicas que participen nos cursos de formación deberán estar en posesión do título de bacharel ou equivalente para os cursos de formación do nivel 1 e

título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou equivalente para os cursos de formación do nivel 2.

2. Os posuidores de títulos correspondentes a sistemas educativos estranxeiros deberán acreditar a homologación pola autoridade competente dalgunha destas titulacións de conformidade coa normativa vixente sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria.

Artigo 9. *Procedemento de recoñecemento dos coñecementos previos.*

A superación dos programas dos cursos de formación modularase en función das seguintes regras:

a) Para aquelas persoas que xustifiquen estar en posesión dun título oficial universitario ou de formación profesional que permita acreditar ter cursado as materias contidas nos programas de formación que estableza a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, a duración e o contido do curso de formación reduciranse nos contidos coincidentes cos do título oficial universitario ou de formación profesional.

b) Para as persoas físicas que accedan ao exercicio da actividade de mediación como mediadores de seguros ou reaseguros residentes ou domiciliados noutros Estados membros da Unión Europea distintos de España, equipararase a superación dos cursos a que se refire o artigo 7 á proba do exercicio efectivo das actividades desempeñadas nos ditos Estados membros, respectivamente, polas persoas comprendidas nos niveis 1, 2 e 3.

c) A superación de calquera dos módulos que integran os programas de formación que estableza a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións eximirá da obrigaón de ter que realizar ese mesmo módulo de materias para acceder a calquera dos niveis previstos no artigo 7.

d) A superación das materias formativas que integran os programas de formación establecidos na normativa de carácter financeiro e que sexan coincidentes coas materias dos programas de formación establecidos mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións eximirá da obrigaón de ter que volver superar esa mesma materia para acceder a calquera dos niveis previstos no artigo 7.

e) As persoas que, segundo os puntos anteriores, teñan dereito á validación parcial de materias poderán dirixir unha solicitude en tal sentido ao organizador do curso formativo, que actuará de acordo cos criterios que estableza o director do curso, tendo en conta, en todo caso, as cualificacións do expediente universitario ou de formación profesional.

Os cursos deberán contar cun procedemento público e transparente de validacións que garanta os principios de igualdade, mérito e capacidade das persoas que soliciten esta redución.

Artigo 10. *Solicitude de autorización e comunicación ante a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.*

1. Os organizadores dos cursos de formación do nivel 1 a que se refire o artigo 7.1 deberán obter, previamente á súa realización, a autorización da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. A solicitude de autorización deberá ir acompañada da documentación que acredite os requisitos que se establecen no artigo 12. Non obstante o anterior, as entidades aseguradoras e reaseguradoras non necesitarán autorización previa para organizar os cursos de formación do nivel 1 que impartan á persoa ou persoas que formen parte do órgano de dirección responsable da actividade de distribución da entidade.

A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións publicará no seu portal web unha lista actualizada dos cursos de formación de nivel 1 autorizados.

2. Os organizadores dos cursos de formación dos niveis 2 e 3 a que se refire o artigo 7.1 deberán comunicalo previamente á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións. A comunicación realizarase na forma establecida mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

Artigo 11. Obrigacións de formación continua.

1. Os distribuidores de seguros e de reaseguros, así como o persoal relevante dos distribuidores de seguros e de reaseguros a que se refire o artigo 7, deberán garantir unha formación continua.

2. A formación continua obrigada para as persoas comprendidas nos niveis 1 e 2 do artigo 7.1 terá unha duración mínima de 25 horas lectivas anuais.

3. A formación continua obrigada para as persoas comprendidas no nivel 3 do artigo 7.1 terá unha duración mínima de 15 horas lectivas anuais.

4. A obrigación de formación continua anual aplicarase a partir do ano seguinte a aquel en que se acceda ao exercicio da actividade de distribución.

5. A formación obrigada poderá ser impartida polo distribuidor de seguros e de reaseguros, polas universidades públicas ou privadas ou polas persoas ou entidades externas certificadoras de formación, que deberán dispoñer de procedementos de avaliación presencial ou a distancia que acrediten o aproveitamento dos cursos e deberán cumprir os requisitos que se establecen neste real decreto e os acordados mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

*Sección 2.^a Requisitos para a organización, avaliación e certificación dos coñecementos e aptitudes**Artigo 12. Requisitos para a organización dos cursos.*

1. A formación poderá ser organizada polos propios distribuidores de seguros e de reaseguros, polas universidades públicas ou privadas, ou polas persoas ou entidades externas certificadoras de formación, atendendo ao disposto nos números 2 e 3, respectivamente, e ao disposto mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2. Os distribuidores de seguros e de reaseguros poderán organizar os cursos de formación previstos no artigo 7 para o seu persoal relevante. Para este efecto, deberán dispoñer de medios humanos e materiais, de procedementos e dunha estrutura organizativa que asegure que o persoal relevante conta cos coñecementos e aptitudes adecuados, conforme o disposto neste real decreto. O dito deber será exixible de forma proporcionada á natureza, tamaño e complexidade das actividades que desenvolva o distribuidor, á complexidade dos produtos sobre os que informa ou asesora, ao tipo de clientes a que presta servizos, á dimensión do seu cadro de persoal e á súa implantación nacional ou internacional.

O distribuidor definirá de forma clara e precisa:

a) As funcións e responsabilidades do persoal, garantindo que, cando proceda, e tendo en conta os servizos prestados polo distribuidor de seguros ou de reaseguros e a súa organización interna e externa, exista unha distinción clara ao describir as responsabilidades entre as funcións destinadas a prestar asesoramento e a proporcionar información. Neste sentido, definirán o alcance e as características propias do servizo de información e de asesoramento, para os efectos de que o persoal relevante comprenda inequivocamente as diferenzas entre ambos os servizos e os seus respectivos alcances e límites de actuación.

b) Os procedementos que aseguren que o persoal relevante é avaliado.

c) As cualificacións que debe reunir o persoal relevante, así como o número de horas de formación que se considera adecuado atendendo á natureza e complexidade do servizo que se vaia prestar e aos requisitos previstos neste real decreto.

d) A equivalencia das ditas cualificacións cos contidos formativos.

e) As persoas encargadas de impartir a formación baixo a súa dirección e responsabilidade.

f) Os mecanismos de control que aseguren que o persoal relevante posúe os coñecementos adecuados para prestar os servizos. Neste sentido, comprobará que as

avaliacións ou exames que se realicen permiten acreditar que o persoal que os supere obtivo os coñecementos adecuados para a prestación dos servizos e realizará avaliacións para comprobar que o persoal relevante ten os ditos coñecementos.

g) Os mecanismos de revisión, que se realizará con periodicidade polo menos anual, servíndose para o efecto de medios internos ou externos. Para iso teranse en conta a evolución e as necesidades do persoal relevante.

Esta revisión garantizará que o persoal relevante conta coa cualificación adecuada e que conserva e actualiza os seus coñecementos mediante formación continua, e incluírá a realización de accións concretas de formación sobre calquera produto de seguros ou de reaseguros novo que ofrezca o distribuidor.

O distribuidor ou, se for o caso, os seus órganos de administración, garantirán que o persoal relevante non prestará servizos para os que non adquirise os coñecementos e aptitudes necesarios.

Cando os distribuidores de seguros organicen os cursos de formación, regulados no artigo 7, destinados a persoas distintas do seu persoal relevante, axustaranse ao establecido no número 3 para as entidades externas certificadoras de formación.

3. As universidades públicas ou privadas e as persoas e entidades externas certificadoras de formación que organicen os cursos deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Dispoñer dunha estrutura de medios técnicos e humanos adecuada para organizar os cursos e avaliar os correspondentes coñecementos e aptitudes.

b) Dispoñer dunha política de conflitos de interese que asegure a independencia e obxectividade das súas acreditacións respecto dos distribuidores de seguros e de reaseguros.

c) Elaborar un programa de formación dos cursos organizados, con descrición dos medios materiais, técnicos e humanos destinados a impartir a formación, os contidos teóricos e prácticos e os sistemas de avaliación aplicados, que estará á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

d) Elaborar unha memoria anual descritiva dos cursos realizados, que estará á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

e) Levar un rexistro da formación impartida que permita certificar ás persoas formadas os cursos superados e que estará á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

4. Mediante resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións estableceranse as liñas xerais e os principios básicos que, en canto ao seu contido, organización e execución, deberán cumprir os cursos de formación organizados polos distribuidores de seguros e de reaseguros, polas universidades públicas ou privadas e polas persoas ou entidades externas certificadoras de formación.

Artigo 13. *Forma de acreditar os coñecementos e aptitudes.*

1. Os distribuidores de seguros e de reaseguros deberán manter rexistros relativos á acreditación dos seus coñecementos e aptitudes, así como do persoal relevante.

Para iso, deberán dispoñer dunha relación actualizada do persoal relevante en que conste, para cada persoa que figure na relación, o seguinte:

a) A acreditación dos coñecementos adquiridos ata a data. A dita acreditación poderá realizarse a través do correspondente certificado.

b) A acreditación da formación continua recibida. No caso de que o propio distribuidor preste a formación e a avaliación da formación continua, deberá constar no rexistro de cada persoa a formación impartida, a avaliación dos coñecementos adquiridos e o seu resultado.

2. Cando os distribuidores de seguros contraten persoal relevante con experiencia previa verificarán a acreditación que o dito persoal achegue.

3. Sempre que o considere necesario, a Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá, no exercicio das súas funcións de supervisión, solicitar ao distribuidor, ao persoal relevante ou ás entidades formadoras a acreditación dos coñecementos dos distribuidores de seguros e do persoal relevante.

CAPÍTULO IV

Libros rexistro dos corretores de seguros e reaseguros

Artigo 14. *Obrigacións xerais.*

1. Os corretores de seguros e os corretores de reaseguros manterán e conservarán os libros rexistro, correspondencia e xustificantes concernentes ao seu negocio debidamente ordenados, nos termos establecidos na lexislación mercantil.

2. Os libros rexistro a que se refire este capítulo suxeitaranse ás seguintes regras:

- a) Conservaranse preferentemente en soportes informáticos.
- b) Deberán estar á disposición da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
- c) Non se poderán levar cun atraso superior a tres meses.

3. Mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital estableceranse as normas sobre o mantemento e as especificacións técnicas dos libros rexistro a que se refire este capítulo.

Artigo 15. *Libros rexistro contables dos corretores de seguros.*

Os corretores de seguros deberán levar e conservar, en particular, os seguintes libros rexistro:

a) De pólizas e suplementos intermediados, en que se anotarán todas as pólizas e suplementos que se formalicen pola súa mediación. Farase constar como mínimo o ramo de que se trata, data de efecto, número de póliza ou suplemento, tomador, domicilio do tomador (tipo de vía, nome e número da vía, municipio e provincia), capital asegurado, primas, e se a póliza é achegada pola rede do corretor de seguros a través dos seus colaboradores externos ou por medio doutro corretor de seguros.

b) De primas cobradas, en que se fará constar o ramo de que se trata, número da póliza, tomador, vencemento a que corresponde, importe e data de cobranza.

c) De sinistros tramitados, en que se rexistrarán os sinistros tan axiña como sexan coñecidos polo corretor de seguros e deberáselles atribuír unha numeración correlativa, dentro de cada unha das series que se establezan, conforme os criterios de clasificación de sinistros que se utilicen. A información que debe conter este libro rexistro referirse á póliza da cal procede cada sinistro, datas de ocorrencia, declaración e liquidación. Tamén se indicará se existe reclamación xudicial, administrativa, ante o defensor do asegurado da entidade ou de calquera outra índole.

d) De colaboradores externos, en que se deberán anotar os datos persoais identificativos, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, indicando a data de alta e de baixa, e a formación recibida.

e) Douros corretores de seguros. Deberán anotarse os datos persoais identificativos, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, daqueles corretores de seguros utilizados como rede de distribución distinta á propia, indicando a data de alta e de baixa.

Entenderase cumprida a obrigaón de levar os libros rexistro a que se refiren as letras a), b) e c) aínda cando a información sinalada nos anteriores parágrafos estea contida en diferentes ficheiros informáticos, sempre que sexa posible establecer unha correlación e integración áxil e sinxela entre o seu contido.

Artigo 16. *Libros rexistro contables dos corretores de reaseguros.*

Os corretores de reaseguros deberán levar e conservar, en particular, os seguintes libros rexistro:

a) De contratos e riscos facultativos que se formalicen pola súa mediación. Farase constar como mínimo o ramo de que se trata, data de efecto, número ou referencia de contrato, cedente, reasegurador, capacidade total do contrato ou facultativo, participación intermediada, primas pola participación intermediada, e se son achegados pola propia rede do corretor de reaseguros ou a través dalgún dos seus colaboradores externos ou outro corretor.

b) De colaboradores externos. Deberán anotarse os datos persoais identificativos, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, indicando a data de alta e de baixa, e a formación recibida.

c) Doutras corretores de seguros e de reaseguros. Deberán anotarse os datos persoais identificativos, xa sexan persoas físicas ou xurídicas, daqueles corretores de seguros e de reaseguros utilizados como rede de distribución distinta á propia, indicando a data de alta e de baixa.

CAPÍTULO V

Obrigacións contables e deber de información

Sección 1.ª Disposicións xerais

Artigo 17. *Obrigacións comúns aos corretores de seguros, aos corretores de reaseguros, aos axentes de seguros vinculados e aos operadores de banca-seguros.*

1. O exercicio económico que se considerará para a información estatístico-contable que se debe remitir coincidirá co ano natural.

2. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións poderá solicitar aclaracións sobre a documentación recibida co obxecto de obter a información prevista neste capítulo.

3. A obrigação de información regulada neste capítulo será exixida a todos os corretores de seguros, corretores de reaseguros, axentes de seguros vinculados e operadores de banca-seguros respecto daqueles períodos en que se exerza a actividade de mediación, independentemente de cando se produza a cancelación da súa inscrición no Rexistro Administrativo de Distribuidores de Seguros e Reaseguros.

Artigo 18. *Remisión da información a través de medios electrónicos.*

1. Os corretores de seguros, os corretores de reaseguros, os axentes de seguros vinculados e os operadores de banca-seguros presentarán a información a que están obrigados de acordo co disposto neste capítulo por medios electrónicos e a través da sede electrónica da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

2. Os requisitos técnicos para o acceso e utilización do rexistro rexeranse polo disposto na normativa que regula a sede electrónica da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.

3. Os formularios para a presentación electrónica da documentación serán aprobados e modificados mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Sección 2.ª Disposicións particulares

Artigo 19. *Obrigacións contables e deber de información dos corretores de seguros e dos corretores de reaseguros.*

1. Os corretores de seguros e os corretores de reaseguros deberán remitir á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, de forma separada e por cada clave de

inscrición, a información estatístico-contable anual que incluíra datos referentes á declaración de datos xerais e requisitos para o exercicio da actividade, estrutura da organización, programa de formación que se imparte aos empregados e colaboradores externos, contratos de seguros ou de reaseguros intermediados, conta de perdas e ganancias e balance, de acordo coas disposicións aplicables.

2. Con periodicidade anual, as comunidades autónomas remitirán a información estatístico-contable anual relativa aos corretores de seguros e aos corretores de reaseguros cuxa supervisión sexa da súa competencia e manterase a necesaria colaboración entre a Administración xeral do Estado e a da correspondente comunidade autónoma. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá, mediante resolución, a información ou datos mínimos que deberán transmitir as comunidades autónomas.

Artigo 20. Modelos de información dos corretores de seguros e dos corretores de reaseguros.

A remisión da información anual a que se refire o artigo 19.1 axustarase aos modelos que se aproben mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e remitirase antes do 30 de abril do ano seguinte a aquel a que se refira.

Artigo 21. Obrigacións contables e deber de información dos axentes de seguros vinculados e dos operadores de banca-seguros.

1. Os axentes de seguros vinculados e os operadores de banca-seguros deberán remitir á Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións a información contable e do negocio anual que incluíra datos referentes á declaración de datos xerais e requisitos para o exercicio da actividade, estrutura da organización, programa de formación que se imparte aos empregados, ás persoas que participan directamente na actividade de distribución e aos colaboradores externos, contratos de seguros intermediados e conta de perdas e ganancias.

2. Con periodicidade anual, as comunidades autónomas remitirán a información contable e do negocio anual relativa aos axentes de seguros vinculados e aos operadores de banca-seguros cuxa supervisión sexa da súa competencia, e manterase a necesaria colaboración entre a Administración do Estado e a da correspondente comunidade autónoma. A Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións establecerá, mediante resolución, a información ou datos mínimos que deberán transmitir as comunidades autónomas.

Artigo 22. Modelos de información dos axentes de seguros vinculados e dos operadores de banca-seguros.

A remisión da información anual a que se refire o artigo 21.1 axustarase aos modelos que se aproben mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital e remitirase antes do 30 de abril do ano seguinte a aquel a que se refira.

Artigo 23. Falta de remisión de información.

De conformidade co establecido nos artigos 192.2.r) e 192.3.h) do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, a falta de remisión da información a que se refiren os artigos 17.3, 19.1 e 21.1 será constitutiva de infracción administrativa.

Disposición adicional única. *Réxime de adaptación ás obrigacións de formación e requisitos de información estatístico-contable na distribución de seguros e reaseguros privados.*

1. A posesión do diploma de Mediador de Seguros Titulado, creado pola derogada Lei 9/1992, do 30 de abril, de mediación en seguros privados, producirá os mesmos efectos que a superación do curso de formación exixido para o nivel 1 do artigo 7.1.

2. Aquelas persoas domiciliadas ou residentes en España que, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, superen os cursos de formación ou probas de aptitude do grupo A, establecidos no capítulo III do Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, non terán que volver superar os cursos de formación previstos para desempeñar as funcións correspondentes ao nivel 1 do artigo 7.

Así mesmo, as persoas domiciliadas ou residentes en España que, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, superen os cursos de formación do grupo B, establecidos no mesmo capítulo III do Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, non terán que volver superar os cursos de formación previstos para desempeñar as funcións correspondentes aos niveis 2 e 3 do artigo 7.

As persoas domiciliadas ou residentes en España que, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, superen os cursos de formación do grupo C, establecidos no indicado capítulo, non terán que volver superar os módulos de formación realizados e coincidentes con materias do programa de formación previsto para os cursos dos niveis do artigo 7. Estas persoas poderán participar na distribución de seguros ou de reaseguros proporcionando información sobre produtos de seguros ou de reaseguros, sen realizar labor de asesoramento, e dispoñerán dun prazo dun ano desde a entrada en vigor deste real decreto para completar o curso previsto para o nivel 3 do artigo 7 baixo a dirección e responsabilidade do distribuidor por conta do que actúen.

Non obstante o anterior, será de aplicación, en todo caso, para as persoas indicadas nos parágrafos anteriores deste número 2, o previsto no artigo 11 en canto á formación continua necesaria para o exercicio da súa actividade.

3. Os certificados expedidos polo responsable da dirección do curso e, no caso de probas de aptitude, polo Consello Xeral dos Colexios de Mediadores de Seguros nos cales se acredita a súa superación, que se emitan conforme a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, e a súa normativa de desenvolvemento, producirán os efectos de ter superado, segundo corresponda, o curso exixido para o acceso aos niveis 1 e 2 definidos no artigo 7. No caso dos certificados correspondentes ao grupo C, observarase o disposto no terceiro parágrafo do número 2 anterior.

Disposición transitoria primeira. *Cursos de formación inicial e formación continua impartidos conforme a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, e a súa normativa de desenvolvemento.*

1. Os cursos de formación para o acceso á categoría A, así como as probas de aptitude, que á entrada en vigor deste real decreto estean autorizados, poderán realizarse nos termos da dita autorización, conforme a Lei 26/2006, do 17 de xullo, e a súa normativa de desenvolvemento, e os certificados emitidos aos que os superen producirán os mesmos efectos que os previstos no número 3 da disposición adicional única.

Os cursos de formación para o acceso ás categorías B e C que á entrada en vigor deste real decreto se inicien poderán seguir impartíndose conforme a Lei 26/2006, do 17 de xullo, e a súa normativa de desenvolvemento, e os certificados emitidos aos que os superen producirán os mesmos efectos que os previstos no número 3 da disposición adicional única.

2. A formación continua impartida ás persoas comprendidas nas categorías B e C da normativa derogada será computable dentro do programa de formación continua do ano correspondente sempre que, na memoria que se elabore, se acrediten o seu contido, duración e as persoas que recibiron a dita formación.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación dos modelos establecidos no Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.*

Ata que se aproben mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital os modelos de remisión da documentación estatístico-contable dos corretores de seguros, corretores de reaseguros, axentes de seguros vinculados e operadores de banca-seguros serán de aplicación os modelos establecidos nos artigos 7 e 9 do Real decreto 764/2010, do 11 de xuño.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto e, en particular, o Real decreto 764/2010, do 11 de xuño, polo que se desenvolve a Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados en materia de información estatístico-contable e do negocio, e de competencia profesional.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

1. As disposicións contidas neste real decreto teñen a consideración de ordenación básica da banca e os seguros e de bases da planificación xeral da actividade económica, de acordo co artigo 149.1.11.^a e 13.^a da Constitución española. Exceptúanse do anterior os artigos 18 e 20, a disposición adicional única e a disposición transitoria primeira, que non teñen carácter básico.

2. Nos supostos en que as comunidades autónomas exerzan as competencias en materia de distribución de seguros e reaseguros privados a que se refire o artigo 132.2 do título I, do Real decreto lei 3/2020, do 4 de febreiro, as referencias que se fan aos órganos da Administración xeral do Estado entenderanse feitas ao órgano competente da comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Habílitate a persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, por proposta da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, e logo de informe da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, para realizar o desenvolvemento normativo das disposicións contidas neste real decreto e, en particular, a aprobación dos modelos da información estatístico-contable anual dos corretores de seguros, corretores de reaseguros, axentes de seguros vinculados e operadores de banca-seguros.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta segunda do Goberno
e ministra de Asuntos Económicos e Transformación Dixital,
NADIA CALVIÑO SANTAMARÍA